



CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É a alcaldía quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno e do Pleno da Corporación (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO**:

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

Día: venres 30 de xuño de 2023

Hora: 20:00

Lugar: SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE

Motivación: Artigo 38 do RD 2568/1986 do 28 de novembro (ROF)

coa seguinte **ORDE DO DÍA**:

A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación ope legis da acta da sesión anterior (15/06/2019), no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986):**

Borrador da sesión celebrada o 17 de xuño de 2023.

2. **Proposta da Alcaldía relativa á Periodicidade das sesións plenarias. EXPEDIENTE Nº: 2023/G010/000009.**
3. **Proposta da Alcaldía relativa á Creación, composición e funcionamento das comisións informativas permanentes. EXPEDIENTE Nº: 2023/G010/000009.**
4. **Proposta alcaldía relativa á composición da Comisión Municipal Técnica de Urbanismo. EXPEDIENTE Nº: 2023/G010/000009.**
5. **Proposta da alcaldía de designación de membros da Mesa de Contratación cando o órgano de contratación sexa o Pleno. EXPEDIENTE Nº: 2023/G010/000009.**
6. **Proposta da alcaldía de designación de membros do Concello como representantes da Corporación en órganos colexiados. EXPEDIENTE Nº: 2023/G010/000009.**
7. **Proposta da Alcaldía relativa á asignación de retribución ao cargo electo local con dedicación parcial e réximen de retribucións (alcaldía). EXPEDIENTE Nº: 2023/G010/000009.**
8. **Proposta da Alcaldía relativa á creación de cargos con dedicación e réximen de retribucións (concelleiros/as). EXPEDIENTE Nº: 2023/G010/000009.**

B) PARTE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

9. **Dar conta de resolucións da alcaldía para coñecemento: Nº 330/2023 de 24 de abril á 554/2023 do 23 de xuño.**
10. **Dar conta de resolucións da alcaldía:**



- Nomeamento de Tenencias da alcaldía.
- Nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local, periodicidade Xunta de Goberno Local e decreto de delegación de competencias.
- Resolucións relativas ás concellarías delegadas.

11. Dar conta da resolución de nomeamento dos membros da Mesa de Contratación cando o órgano de contratación sexa Alcaldía ou Xunta de Goberno Local.
12. Dar conta da constitución dos grupos políticos e de nomeamento de portavoces.

SEGUNDO

Infórmase que, unha vez aprobada a creación e composición das COMISSIONS INFORMATIVAS, segun o artigo 125.c) do ROF, a adscrición concreta a cada Comisión Informativa dos membros da Corporación que deberán formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do Portavoz do mesmo dirixido a Alcaldía, do que se dará conta o Pleno. Poderase designar de igual forma, un suplente por cada titular.

TERCEIRO

Se informa, aos efectos oportunos, que de conformidade co artigo 16.3 do ROF: *Os membros da Corporación teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento da súa función, singularmente das que han de servir de antecedente para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que poida serlles facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.*

CUARTO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

QUINTO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

Asinado dixitalmente ao marxe.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán.